



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DOS ESTUDANTES DAS TITULACIONES IMPARTIDAS NA FACULTADE DE XEOGRAFIA E HISTORIA.

REÚNENSE:

Dunha parte, Xesús Vázquez Abad, en nome e representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en virtude do seu cargo de conselleiro para o que foi nomeado polo Decreto 9/2012, do 3 de xaneiro (DOG 3 do 4 de xaneiro de 2012), no exercicio das súas competencias que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente.

Doutra parte, Don Juan J. Casares Long, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela que actúa en nome e representación da mesma en virtude do Decreto 99/2010, de 17 de xuño (DOG do 24), do seu nomeamento e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril e o Decreto 28/2004, de 22 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela

Ámbas as dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para os efectos,

MANIFESTAN:

- 1.- Que a USC, como prestadora do servizo público de educación superior, realiza actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico,
- 2.- Que por iso ten a vontade de potenciar a realización de actividades de formación práctica do alumnado da USC.
- 3.- Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten interese en colaborar no sistema de formación práctica do alumnado da USC.

De acordo co anterior, a USC e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria acordan asinar un convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

1. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes de cara a unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación de prácticas tuteladas do alumnado da Facultade de Xeografía e Historia, nas dependencias dos arquivos e museos xestionados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e nos servizos dependentes da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.



2. Obxecto das prácticas

O obxecto das prácticas é o desenvolvemento por parte dos alumnos e alumnas da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela de tarefas adecuadas ao seu nivel de formación que lle sirvan para adquirir unha experiencia enriquecedora para que, unha vez finalizado o seu período de estudos, poidan dispoñer dunha perspectiva que lle permita a súa inserción no mundo laboral.

3. Número de prazas

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria acollerá aos alumnos/as da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela que cursen os estudos de Grao nos arquivos e museos propios e xestionados e **nos servizos dependentes da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural**, en calidade de estadaía de prácticas, de acordo coas convocatorias que faga a USC.

4. Período de realización das prácticas

As prácticas que son obxecto deste convenio realizaranse no período que determine a Comisión de Seguimento e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.

5. Número de horas e créditos que se recoñecerán

As prácticas que realicen os/as alumnos/as constarán das seguintes horas/crédito:

Grao en Historia : 150 horas como máximo que equivalen a 6 créditos ECTS.

Grao en Historia da Arte: 300 horas como máximo, equivalentes a 12 créditos ECTS.

Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio: 150 horas como máximo, equivalentes a 6 créditos ECTS.

Nestas horas estará incluído o tempo de titorías dos/as alumnos/as, así como o necesario para a elaboración da memoria que se establece neste convenio.

6. Titores/as responsables e órgano universitario responsable

A Comisión de Seguimento nomeará, para cada un dos períodos e prazos das prácticas que se convoquen, as persoas, por parte da USC e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actuarán como coordinadores-responsables.

Os titores da empresa ou entidade colaboradora poderán obter a petición propia, o recoñecemento a súa labor nos termos que establece a USC.

7. Selección dos/as alumnos/as

A USC seleccionará as persoas que van realizar as prácticas consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.



8. Memoria das prácticas

Ao remate de cada período de prácticas cada un dos/as alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.

9. Procedemento de avaliación

A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/a, á vista da devandita memoria e do informe do titor/a de prácticas da institución colaboradora.

Soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia total non excede do 15% das horas programadas.

10. Certificación da entidade colaboradora

Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación favorable, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria emitiralle a cada un dos/as alumnos/as que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración, as actividades e traballos de investigación ou avaliación realizados.

A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que das prácticas realice a USC.

11. Relación coa entidade colaboradora

O feito de que o alumnado realice prácticas nun centro dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria non suporá ningún tipo de relación laboral con ela nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.

Aqueles que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Para os estudantes maiores de vinte e oito anos formalizárase obrigatoriamente a cargo do estudante un seguro específico no momento da súa matrícula na USC.

As continxencias de responsabilidade civil quedan cubertas por unha póliza subscrita pola USC.

12. Obrigas da USC

A USC non achegará financiamento adicional polo feito de asinar este convenio.

13. Comisión Mixta de Seguimento

Para o seguimento do convenio establecerase unha comisión mixta na que participarán, pola USC, a Vicerreitora de Titulacións, Persoal Docente e Investigador ou persoa que designe, e o responsable das prácticas do Centro ; por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dúas persoas que esta designe.

Esta Comisión Mixta comprométese a cumprir os obxectivos que xustifican o asinamento deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- Formular as propostas sobre o número de prazas de cada convocatoria para a realización de prácticas formativas correspondentes a cada curso académico, de acordo cos criterios e normas que se han establecer oportunamente.



- Propoñer ao Reitor o nomeamento tanto do titor/a responsable na institución, como por parte da Universidade, para cada un dos prazos ou períodos nos que se convoquen as prácticas.
- Establecer os criterios de avaliación e control das prácticas tuteladas.
- Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- Propoñer *addendas* ou modificacións a este convenio para que sexan aprobadas polos órganos competentes.

14. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará a persoa allea á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria información da que tiveran coñecemento, nin utilizar ou dispoñer dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de secreto fronte á Consellería, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto o/a estudante asinará coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria un documento no que se obrigue a cumprir o deber de secreto antes citado

15. Normas de aplicación

A este convenio seralle de aplicación a seguinte lexislación:

- Real Decreto 1707/2011, do 10 de decembro de 2011, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.
- Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
- Normativa de Xestión Académica aprobada por Resolución Reitoral de 12 de novembro de 1998, modificada e refundida pola Resolución Reitoral del 22 de xullo de 2007
- RR. De 16 de febreiro de 2010 pola que se publica o plan de estudos do Grao en Historia.
- RR. De 16 de febreiro de 2010 pola que se publica o plan de estudos do Grao en Historia da Arte.
- RR. De 16 de febreiro de 2010 pola que se publica o plan de estudos do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio
- Normativa de prácticas externas en empresas e institucións aprobada polo Concello de Goberno de 30 de maio de 2008.

16. Entrada en vigor e vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte do seu asinamento e estará vixente ata o remate do curso académico correspondente. Prorrogarase automaticamente por cursos académicos sucesivos se ningunha das dúas partes o denuncia de xeito expreso, avisando con tres meses de antelación.

En calquera caso, o convenio non poderá rescindirise no caso de que haxa alumnos/as seleccionados/as para realizar un período de prácticas, namentres non rematen estas.



17. Xurisdición

Convén indicar que se trata dun convenio de colaboración de carácter administrativo, sendo necesaria a atribución á Xurisdición Contencioso-Administrativa da competencia de coñecer as cuestións litixiosas que poidan xurdir na execución deste convenio.

Disposición transitoria

Mentres non se realice unha convocatoria única para todas as titulacións na USC, facúltase á Comisión Mixta para facer as convocatorias que considere oportunas derivadas deste convenio.

En proba de conformidade, as dúas partes asinan este convenio no lugar e na data que se indican máis abaixo.

Santiago de Compostela, a 3 de maio 2012

POLA UNIVERSIDADE DE

POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.


SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por delegación do Sr. Reitor
(RR do 01.08.2011, DOG do 18.08.2011)

A Vice-reitora de Titulacións e
Persoal Docente e Investigador



Dona Carmen Fernández Morante



D. Xesus Vázquez Abad



ANEXO

RELACIÓN DE ARQUIVOS, MUSEOS E SERVIZOS DEPENDENTES DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL NOS QUE PODERAN DESENVOLVERSE AS PRÁCTICAS EXTERNAS.

ARQUIVOS

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA (A CORUÑA)
ARQUIVO DE GALICIA (SANTIAGO DE COMPOSTELA)
ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE LUGO
ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE OURENSE
ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

MUSEOS

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)
MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA
MUSEO MASSÓ EN BUEU (PONTEVEDRA)
MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL DE OURENSE
MUSEO ETNOLÓXICO DE RIBADAVIA (OURENSE)
MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA (LUGO)

DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL

SERVIZO DE ARQUITECTURA E ETNOGRAFÍA
SERVIZO DE ARQUEOLOXÍA
SERVIZO DE PLANEAMENTO E INVENTARIO
PARQUE ARQUEOLÓXICO DA ARTE RUPESTRE DE CAMPO LAMEIRO